

ESCOLA DA VIDA

## Ocio alternativo

30.05.2009

JOSÉ MANUEL SUÁREZ SANDOMINGO

Todo o bo deste mundo leva asociado unha parte negativa, e o ocio actual tamén a ten. Nalgunhas ocasións, o que parece que debería ser un tempo para gozar transfórmase nun período de problemas tanto persoais como de relación cos demais, nun tempo alienante, ausente e nocivo. Un bo exemplo diso é o botellón: esas reunións de rapaces e mozas cuxa única diversión está en beber, fumar? Así que o que empezou como unha denuncia dos altos prezos que lles pedían nos bares e nas discotecas polas súas consumicións, tornouse nunhas concentracións nas rúas cuxos efectos dañinos non só os pagan eles senón que tamén os padecen o resto dos cidadáns debido á acumulación de lixo, á falta de hixiene, ao ruído e a outra serie de cuestións habitualmente denunciadas para todas as normativas municipais. Pero os demais tamén debemos facernos a seguinte pregunta: Os mozos teñen algún tipo de ocio alternativo ao consumo de alcohol ou á pasividade que os amorea durante as noites das fins de semana ou das vacacións? Se o ollamos cun pouco de atención, deseguida decatámonos de que non dispoñen de demasiadas opcións máis alá de concentrarse en bares, discotecas ou cines.

E a segunda pregunta é: Pero que actividades poderían facer? Pois moitas e de todo tipo: deportivas, culturais e educativas, que fosen promovidas de forma libre ou por medio de asociacións xuvenís, clubs ou por organismos e institucións sociais.

Pode parecer difícil sacar os mozos do círculo vicioso da preguiza e da desidia, pero non o é, só hai que organizarse e promocionar aquelas actividades que lles poidan resultar atractivas. Xa se falou moito do problema agora toca falar das solucións. Se os mozos son o futuro, axudémoslos a organizarse en torno a cousas que lles sexan suxestivas, ou é que eles non se implican no deportivo, na música ou noutras formas de expresión artística? Pois fagamos que de forma lúdica ou competitiva, individual ou colectiva accedan a aqueles espazos que agora lles son vetados (pavillóns deportivos, salas de espectáculos, etc.) para executaren as súas propostas: competicións de xogos por internet, concertos afeccionados de música, demostración de destrezas singulares, etc. Se isto se fai, os mozos poderán amosar que son máis dinámicos do que a sociedade os conceptúa. E eles, incluso, se sentirán non soamente mellor con eles mesmos senón tamén mellor aceptados e valorados socialmente.